

OllOs

de aula

ANO II - Nº 11
Decembro 2013 - xaneiro 2014




Revista para as familias do alumnado

O Departamento de Orientación

Como lle afecta ao galego a lei Wert?

LOMCE: a nova lei de educación





A pregunta

Que vai supoñer a LOMCE para o ensino do galego?



Responde: Valentina Formoso Gosende

[Profesora de secundaria e coordinadora da CGENDL]

Vai supoñer un paso atrás moi importante. Por un lado, a súa filosofía fomenta os prexuízos cara ás linguas diferentes do castelán, que pasan a ser “materias de terceira” (na lei chámaselles de “de libre configuración autonómica” e quedan por detrás das “troncais” e das “específicas”). Con esta clasificación a materia de Lingua Galega queda detrás da Lingua Estranxeira (cualificada como troncal) e mesmo por detrás da 2ª Lingua Estranxeira ou da Relixión (materias específicas).

Por outro lado, foméntase o ensino en castelán e con contidos pensados en castelán. Aínda que permite que haxa materias que se ensinen en galego, despois na lei non hai ningunha medi-


da de apoio, ó contrario, garántese o ensino só en castelán para quen o queira, recollendo que se lle pode pagar un centro privado no caso de que no público non haxa tal oferta. Isto é abri-lle a porta ao analfabetismo en galego das futuras xeracións e tirar ao lixo co que establece a Lei de normalización lingüística.

Ademais vaise facer pasar a todo o alumnado pola criba dunhas reválidas deseñadas en Madrid sobre uns contidos tamén fixados polo goberno central. Iso non só limita a presenza da nosa lingua nesas materias, senón que tamén fará que queden fóra os contidos que atenden á nosa realidade cultural. [Máis información en <http://ir.gl/e50cfb>]




O pasado 28 de novembro o Congreso dos deputados aprobaba a LOMCE, que se converte na sétima lei de educación da etapa democrática e na primeira que é aprobada cos votos dun único partido. Unha vez máis, perdeuse a oportunidade para acadar un consenso sobre unha norma básica para o noso futuro e acabouse aprobando unha lei que é probable que nunca chegue a aplicarse. Estes son os argumentos dos que a defenden e dos que a critican.

A nova lei de educación



Os que a defenden din que...

- É necesaria, xa que o sistema actual impide a mellora da calidade educativa, como se pode ver nos pobres resultados de probas como a PISA.
- En España hai unhas taxas de abandono escolar moi altas e a LOMCE vai “flexibilizar a traxectoria” do alumnado evitando que fracasen e abandonen o sistema.
- Coas reválidas vaise poder medir e comparar, o que permitirá mellorar o ensino.
- Vai garantir o ensino do español en todo o Estado.
- A nova lei vai facer un sistema máis esixente, xa que agora moi poucos estudantes acadan a excelencia.
- Suprime as materias Educación para a cidadanía e Educación ético-cívica que, din, tiñan como obxectivo o adoutramento do alumnado.
- Coa LOMCE vaise formar o alumnado para o emprego.
- Vai reforzar a figura do director/a.
- A materia de Relixión debe ter unha alternativa con contidos.



Os que a critican din que...

- É a lei de educación máis ideolóxica das sete que se aprobaron na democracia.
- É unha lei baseada na competitividade e que pon a educación ao servizo da economía.
- Acabará cun dos valores da educación española: a equidade. Ata agora, segundo os estudos, o contorno socioeconómico e cultural do alumnado influía, pero non lle impedía a un alumno/a progresar nos seus resultados académicos.
- Os resultados das probas internacionais sitúan a España en valores similares aos do resto dos países da OCDE. Incluso hai comunidades que están por riba da media, o que indica que o problema está nas diferenzas internas, non no sistema.
- No canto de apoiar a atención á diversidade, introduce as reválidas, que van ir apartando do sistema a aquel alumnado con máis dificultades.
- Cando a lei fala de “flexibilizar a traxectoria”, o que se está facendo é desviar a FP os alumnos/as con menos talento, así as empresas terán unha man de obra dócil e acrítica.
- A LOMCE elimina as competencias do Consello escolar, que pasa a ser un órgano consultivo, e converten o director no “dono” do centro.
- Restaura unha visión centralista do Estado, asumindo o Goberno central o cen por cen das competencias nas materias troncais e convertendo os idiomas propios en materias de terceira.
- Promove o descoñecemento da lingua propia ao permitirlle ao alumnado negarse a estudar no noso idioma.
- Acaba coas materias de valores sociais e éticos e coas que “ensinan a pensar” (desaparece Educación para a cidadanía e Educación ético-cívica, reduce horas de Filosofía...).
- Reforza a materia de Relixión, que volve a ser avaliable e ten o mesmo valor ca matemáticas ou lingua á hora de pedir unha bolsa.
- Privatizará o ensino, xa que amplía a duración dos concertos de catro a seis anos e permite concertar centros que segregan o alumnado por razón de sexo. Ademais, permite a construción de centros concertados en chan público.

Palabras do ensino

Lines Salgado

{DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN}

O Departamento de Orientación está formado por un ou varios profesores especialistas en Psicoloxía e Pedagogía que

teñen como función principal asesorar o profesorado, o alumnado e as familias sobre cuestións académicas, profesionais ou psicopedagóxicas. Traducido á vida diaria: quen peta na porta do Departamento de Orientación cada día nun dos nosos centros? O rapaz que non sabe que opción escoller en 4º de ESO para poder estudar un ciclo de Informática. A profesora que



quere traballar técnicas de estudo co seu grupo e necesita material. O pai dunha nena de 1º de EP que non pronuncia ben o "r". Os profesores dun cativo de 5º que vai moi adiantado con respecto aos seus compañeiros. Os pais dun neno de 3º de ESO desesperados porque non fai caso a ninguén na casa e está empezando a pasar dos estudos. A familia rusa, ou marroquí, ou colombiana que acaba de chegar e non sabe como funcionan as cousas por estas terras. É unha lista practicamente infinita de problemas de todo tipo e condición. Os orientadores e orientadoras son unha inspiración para os creadores dos GPS!

CADENCIAS

Gracia Santorum

Para escoitar

A miña primeira Rosalía [Ed. Xerais]. Publica Xerais este libro-disco que homenaxea unha Rosalía sempre viva, moderna e rebelde, unha muller que puxo a súa voz ao servizo da dignificación da nosa lingua e asemade das mulleres e dos desfavorecidos. Doce poemas musicados e cantados con interpretacións de María Manuela, Mero, Mini e Xiana Lastra; a propia María Manuela é tamén ilustradora do libro. É tempo de gozar coa poesía da nosa poeta máis internacional.



Para agasallar...

Neste mes de Nadal, no que temos costume de agasallar aos nosos pequenos e pequenas con moitos xoguetes que non necesitan, roupa –que si necesitan– e moitas outras cousas, recomendámoslles agasallar libros. Porque agasallar libros é investir en futuro, en crear persoas competentes e reflexivas, en procurarlles un futuro máis digno e formado. Agasallar libros en galego é contribuir a enriquecer o uso do noso idioma, a aprender novas palabras, a crear un mundo propio en galego. Agasallar libros en galego é axudar a que a economía do noso país avance.



Para ler

Mamá [M. Ruiz Johnson, Ed. Kalandraka]. Mariana Ruiz Johnson vén de gañar o VI Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados que publica Kalandraka. Unha alfaia visual de cores vivas que é unha homenaxe á maternidade poética e artística, ao amor e á vida, ao ser humano e á súa natureza tenra. E sobre todo, é unha lembranza á Nai Terra, Nai de todo e de todos/as. Metáfora e lirismo conxúganse nunha experiencia sensible e conmovedora que nos leva ata un contido ornamental da arte popular latinoamericana.



Da lingua

Quen lle fala hoxe galego a Shin Chan?

Nos institutos de toda Galicia existe unha xeración de adolescentes que lembra con especial agarimo a Shinnosuke Nohara, máis coñecido como Shin Chan, aquel simpático fedello que se fixo famoso nas emisións do *Xabarín Club* polo seu carácter descarado e falangueiro.

Aquelas nenas e nenos de principios do século XXI estableceron, grazas

á existencia dunha programación infantil estable en lingua galega, unha relación afectiva co idioma, ceibe de dogmas e prexuí-

zos: o galego era un idioma como

outro calquera do mundo e,

por suposto, *molaba* escoi-

tar as mellores series de

debuxos animados con

fonética do país. E ata o

xélido *Terminator* se fixo

mundialmente célebre

co seu enxebre *Vai ra-*

ñala, raparigo!

Pasaron algúns anos e

aquela *Xeración Xabarín*

perdeu a inocencia da

infancia: e cando agora

procuran nas canles audio-

visuais unha programación

de ocio enfocada á mocidade,

apenas atopan referentes na nosa

lingua; máis ben sobreviven mergullados

nunha burbulla global onde todo aquilo que

semella minimamente *fashion* só se expresa a través do idioma *cool* por excelencia (o inglés, *of course*).

E quizais vai sendo hora de que as mentes máis creativas dos medios públicos, máis alá do universo *Luar*, cavilen en como atraer de novo a todos aqueles seareiros de Shin Chan cara á nosa lingua, agora que se están a facer adultos e precisan de estímulos culturais que resulten de abondo atractivos para poder compartilos nun chío instantáneo pola rede.

